



Xosé Regueira Varela, Portavoz do Grupo Municipal do BNG de Carballo, ao abeiro do disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte:

**Moción para condenar a invasión rusa en Ucraína, mostrar a solidariedade co pobo ucraniano e demandar o retorno á vía diplomática para acadar a paz**

O pasado 24 de febreiro a Federación rusa ocupou parte do territorio da República Popular de Ucraína e desde ese momento foise desenvolvendo un conflito bélico con consecuencias devastadoras para a poboación ucraniana. Para alén das vítimas directas -persoas mortas e feridas-, estamos a asistir ao exilio forzoso de milleiros de persoas que está dando lugar a unha crise de refuxiad@s de enorme magnitude. De continuar esta escalada bélica as consecuencias poden ser impredecíbeis para o conxunto de Europa e do mundo.

Despois da guerra e da terríbel perda de vidas humanas, están os importantes problemas psicolóxicos e económicos que o conflito deixa ao seu paso, algo que agudiza a crise provocada pola situación pandémica xa de por si complicada, e que se vai tardar anos en superar.

Por iso, e fronte a calquera conflito, as institucións democráticas temos que defender firmemente o diálogo como único mecanismo para a superación das diferenzas e a paz como único camiño posíbel. Máis unha vez, o nacionalismo galego condena calquera acto de

guerra e acredita na solución negociada aos conflitos, ao mesmo tempo que se compromete a traballar para artellar mecanismos de axuda humanitaria, a comezar desde os propios concellos do noso país.

Urxe reclamar o cese inmediato dos combates na Ucraína e a volta á vía diplomática para resolver este conflito. O único camiño é a paz a través dunha desescalada militar e unha aposta firme polo diálogo, no marco de organizacións como a ONU ou a OSCE. É a través destes mecanismos que se poderá lograr unha solución estábel e duradeira para este conflito, sempre sobre a base do respecto á soberanía dos pobos e á cultura da paz.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Condenar a agresión de Rusia a Ucraína e mostrar a total solidariedade co pobo ucraíno.
2. Esixir un inmediato alto o fogo e a retirada das tropas rusas do territorio ucraíno.
3. Solicitar respecto para o dereito internacional, os dereitos humanos e os Acordos de Minsk, e que se traballe pola resolución do conflito no marco da ONU e da OSCE.
4. Demandar o retorno á vía diplomática como única fórmula para resolver as diferenzas para acadar acordos de paz duradeiros.
5. Apoiar e colaborar nas medidas de axuda humanitaria que se decidiren para facer fronte á crise de persoas refuxiadas.

